

O PSdeG esíxelle á Xunta que actúe ante os despidos irregulares no centro de menores de Rábade

O secretario de organización do PSdeG en Lugo e deputado autonómico Carlos González Santín advírtelle á Consellería de Traballo e Benestar que se non toma medidas será “cómplice” da empresa e que “cumpra coa súa responsabilidade, que é precisamente velar polo traballo e polos traballadores de Galicia”

O PSdeG de Lugo reclámalle á Xunta que “non sexa cómplice” dos despidos irregulares que vén de executar a empresa Prosetecnisa, adxudicatária dos servizos de seguridade do centro de menores Santo Anxo, de Rábade, que depende da Consellería de Traballo e Benestar. O secretario de organización do partido en Lugo e deputado autonómico, Carlos González Santín, esíxelle ao goberno galego que “actúe de inmediato” ante “o clamoroso incumprimento da normativa vixente”.

A empresa Prosetecnisa actúa de xeito irregular ao despedir ao persoal da anterior empresa adxudicatária, Sequor, agora en concurso de acredores, xa que “debería subrogarse aos traballadores que estaban en nómina cun contrato indefinido que segue a ter vixencia e aos que está obrigada a respetarlles a antigüidade”. González santín anuncia que os socialistas presentarán iniciativas ante o que considera “unha irresponsabilidade nun contrato público que non pode ser consentida pola Administración pública”. O socialista lémbrale á Consellería que debe “cumpra coa súa responsabilidade, que é precisamente velar polo traballo e polos traballadores de Galicia”.

Lugo, 3 de abril de 2013